

PLAN DE CONVIVENCIA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU ENTORNO
3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA
4. FINALIDADES DA CONVIVENCIA
5. TIPOS DE CONFLICTOS MÁIS FRECUENTES
 - 5.1. CAUSAS
6. NORMAS DE CONVIVENCIA
 - 6.1. Normas de convivencia dos alumnos.
 - 6.2. Normas que regulan a realización de actividades fóra do centro escolar.
 - 6.3. Normas que regulan os servicios complementarios
7. DEREITOS E DEBERES DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
 - 7.1. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores legais.
 - 7.2. Dereitos e deberes do alumnado.
 - 7.3. Dereitos e deberes do profesorado.
 - 7.4. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.
8. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA.
 - 8.1. Funcións da comisión de convivencia.
9. A AULA DE CONVIVENCIA.
10. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.
 - 10.1. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS
 - 10.1.1. Aplicación das medidas correctoras.
 - 10.1.2. Aspectos formais dos procedementos correctores.
 - 10.1.3. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
 - 10.1.4. Determinación do procedemento corrector.

10.1.5. Inicio do procedemento de corrección.

10.1.6. Procedemento conciliado.

10.1.7. Procedemento común.

11. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

11.1. Medidas correctoras.

11.2. Responsables da aplicación das medidas correctoras.

12. SOLICITUDE DE REVISIÓN E EXECUCIÓN DE MEDIDAS.

13. O COMEDOR ESCOLAR.

14. AVALIACIÓN DO PLAN.

15. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

16. DIFUSIÓN DE PLAN.

ANEXOS:

ANEXO I. PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR

ANEXO II. PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR

ANEXO III. DOCUMENTOS A CUBRIR ANTE AS DIFERENTES CONDUCTAS PREJUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

1. INTRODUCCIÓN:

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato... non teñan cabida.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a sí mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

Os centros educativos son espazos onde compartir vivencias xuntos, iso é a convivencia. Desde que cada alumno e cada alumna traspasa o seu limiar, todo canto alí acontece, non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando nun centro xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.

Nesta liña, o Plan de Convivencia de cada centro educativo debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias; é dicir, no contexto xeral dos centros escolares.

A elaboración deste Plan é, sen dúbida, un proxecto ambicioso que require un importante esforzo de toda a comunidade educativa, pero tamén é un reto que cada centro debe asumir tendo un coñecemento o máis fondo posible da súa realidade de partida sobre a que ir artellando as súas propias accións de mellora, como un aspecto relevante do proxecto educativo do centro. Neste senso cobra unha vital importancia o labor que se debe levar a cabo desde a titoría coa conseguinte revitalización do plan de acción tutorial (PAT).

O obxectivo final é a mellora da convivencia en cada centro e en cada comunidade educativa como resultado da análise, da reflexión e do acordo; tendo en conta sempre que o primeiro Plan de Convivencia que elabora o centro é a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

Actualmente a convivencia está regulada pola LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15 de xullo de 2011), e polo Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU ENTORNO

O CEIP Virxe de Covadonga, está situado nun barrio da periferia de Ourense, chamado Guizamonde. Zona deprimida economicamente, con escaseza de traballo e actividades culturais. Todo isto inflúe negativamente nalgúns nenos/as que asisten a este centro, amosando dificultades no desenvolvemento das súas aprendizaxes e relacións sociais.

Este centro, conta cun anexo no barrio de Eiroás, onde as familias teñen un mellor nivel socioeconómico. Sen embargo, están aumentando as dificultades na aprendizaxe, sobre todo, nos nenos/as inmigrantes e de minorías étnicas.

O edificio emprazado no barrio de Guizamonde, está formado por unha unidade de educación infantil e 3 de educación primaria, estando agrupados os nenos de 4º, 5º e 6º de EI, os nenos de 1º e 2º de EP, os nenos de 3º e 4º de EP e os nenos de 5º e 6º de EP.

O edificio situado no barrio de Eiroás, conta con tres unidades de educación infantil e seis de primaria, cada nivel nunha aula.

No tocante a recursos humanos, o CEIP Virxe de Covadonga conta con:

- 5 profesoras de Educación Infantil.
- 9 profesores/as de Educación Primaria.
- 2 profesoras de Lingua Estranxeira (inglés).
- 2 profesores/as de Educación Física.
- 1 profesora de Música.
- 3 profesores/as de Pedagogía Terapéutica a tempo completo.
- 1 profesora de Audición e Linguaxe a tempo completo.
- 1 profesora de Relixión.
- 1 Orientadora (compartida).

No centro están matriculados ao redor de 156 nenos e nenas.

Moitas das familias que pertencen ao centro están desestruturadas, polo que a adicación aos seus fillos, nalgúns casos, vese moi mermada; nótase menos implicación no edificio de Covadonga que no de Eiroás.

Ao ser familias con problemas socio-económicos e culturais maioritariamente, a convivencia no centro non se ve favorecida, polo que a través desde plan de convivencia, debemos de tentar unha maior implicación das familias na vida do centro e da comunidade educativa en xeral.

3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia.
- Favorecer as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade e a interiorización das normas de convivencia.
- Potenciar o sentido de pertenza ao centro e conseguir un alto grao de satisfacción no mesmo.
- Interiorizar razoadamente a necesidade dunhas normas de convivencia.
- Favorecer situacións de colaboración e solidariedade.
- Reducir as condutas disruptivas que perturban o clima das clases para evitar a conflictividade e diminuír as condutas máis graves.
- Priorizar a resolución de conflitos de maneira formativa mediante o diálogo e o esforzo conxunto do profesor e os alumnos.

- Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherentes que orienten as intervencións de todos os profesores, evitando contradicións que desorienten aos alumnos.
- Eliminar os comportamentos agresivos e xenófobos en todos os membros da comunidade educativa.

O Plan de Convivencia tratará de educar aos alumnos na responsabilidade e o autocontrol de xeito que asuman as consecuencias dos seus actos e reflexionen antes de que volvan a producirse.

Para que o Plan de Convivencia sexa eficaz, precisarase:

- A implicación das familias.
- A priorización de obxectivos.
- A unificación de criterios.
- O establecemento de poucas normas, pero claras, eficaces e que se dean cumprido.
- A elaboración de estratexias conxuntas para lograr superar o reto que supón a convivencia no centro escolar.

4. FINALIDADES DA CONVIVENCIA

Preparar para a vida adulta.

Asumir e practicar valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario e polos ben comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre ambos sexos...).

Mellorar o clima escolar escolar (personalización e habitabilidade dos espazos, atmosfera ordenada, tranquila, relacións dentro das aulas, orde e tranquilidade, actitude de traballo, satisfacción,...).

Atender á diversidade.

Todas as persoas deben sentirse valoradas, escoitadas, responsables e participativas na toma de decisións.

5. TIPOS DE CONFLICTOS MÁIS FRECUENTES

- Disrupción na aula: falta de respecto cara ao profesor/a, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar con compañeiros/as,...
- Distracción e falta de atención.
- Esquezo do material para o desenvolvemento da clase.
- Faltas inxustificadas de puntualidade ou de asistencia a clase.
- Desconsideración cara aos compañeiros/as.
- Trifulcas e pequenas pelexas en espazos comúns (patio, corredores, comedor,...).

- Insultos de tipo racista, sexista ou sobre as características físicas.

5.1. CAUSAS:

No ALUMNADO podemos atopar falta de motivación, dificultades de aprendizaxe, impulsividade e pouca reflexión, falta de ferramentas para resolver os problemas ou certas situacións adecuadamente, ausencia dun referente de autoridade,... non ven no estudo unha vía que lles resolva o futuro. Ás súas motivacións son outras.

Nalgunhas FAMILIAS atopamos falta de colaboración e implicación por parte dos pais e nais nos asuntos escolares, relacionados cos seus fillos/as (non revisan se traen o material a clase, se teñen tarefas para realizar na casa, se estudan,...) e ata as veces, pouca responsabilidade ante o centro, en casos puntuais.

Consideramos que é preciso un cambio de actitude e comportamento en parte do alumnado e as súas familias, insistir nunha serie de normas claras como poden ser a dosificación de horarios de televisión, ordenador, videoxogos, teléfono móbil,... e remarcar uns valores de respecto, solidariedade, compañeirismo, igualdade,... En moitos casos os alumnos/as pasan moito tempo sos polos horarios de traballo dos pais.

No PROFESORADO, prexudica a falta dun criterio común á hora de actuar en determinados conflitos, así como a falta de retroalimentación no proceso de información, comunicación e resolución de conflitos.

Na SOCIEDADE na que está inmerso este centro e na casa transmítense valores erróneos. Á escola esíxeselle que solucione problemas de convivencia, pero a sociedade móstranos continuamente exemplos do que non se debe facer.

6. NORMAS DE CONVIVENCIA

6.1. Normas de convivencia dos alumnos/as

- Asistir puntuais ás actividades escolares.
- Mostrar boa actitude na aula.
- Acudir ao colexio debidamente aseados e vestidos.
- Desprazarse polos corredores e escaleiras en orde e silencio, respectando o traballo das outras clases.
- Levar cada día a clase os libros e materiais necesarios para o desenvolvemento da mesma.
- Presentar ao titor a xustificación das ausencias á clase.
- Devolver exames, notas de axenda ou caderno, boletíns de notas,...debidamente firmados.
- Non tomar bebidas, chicles ou alimentos no interior das aulas (a excepción dos alumnos de educación infantil que merendarán na aula sempre que se considere).
- Respectar aos compañeiros/as e demais alumnos/as, tanto con palabras como con accións.
- Respectar todas as pertenzas dos demais e do colexio.

- Colaborar cos compañeiros en actividades complementarias e extraescolares.
- Evitar xogos violentos e pelexas.
- Manter cos mestres/as un trato respectuoso, aberto e educado.
- Prestarse ao diálogo para esclarecer problemas e situacións que se plantexen.
- Realizar os traballos e as actividades que os mestres/as lles propoñan.
- Aceptar as indicacións de calquera mestre, sexa ou non o seu titor.
- Facer un bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material escolar.
- Manter as aulas, corredores e demais espazos do colexio limpos e ordenados. Deixar as mesas e as cadeiras ordenadas ao rematar as clases.
- Permanecer na aula no cambio de materia.
- Non permanecer nas aulas, corredores e biblioteca no tempo de recreo.
- Os alumnos/as beneficiarios do programa de gratuidade de libros de texto, queda suxeito á obriga de facer un uso axeitado e coidadoso dos mesmos, e de devolvelos ao centro unha vez rematado o curso ou no momento de baixa no colexio.
- Repoñer o material extraviado ou deteriorado de xeito culpable e mal intencionado.

6.2. Normas que regulan a realización de actividades fora do centro escolar

Ademais das normas anteriormente citadas, no desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares débese:

- Observar un comportamento correcto coas persoas e coas instalacións do lugar que se visita.
- Os alumnos/as permanecerán no grupo durante a duración da visita, podéndose separar del só coa autorización do mestre/a.
- O alumnos cumprirán o horario establecido para o desenvolvemento da actividade.
- Durante o traxecto no medio de transporte utilizado, respectaranse as normas en todo momento.

6.3. Normas que regulan os servizos complementarios

No comedor escolar gardarase a debida compostura e obedecerase en todo momento as persoas encargadas do mesmo.

Teranse en conta as normas de convivencia recollidas no plan de convivencia do centro, así como as normas específicas que fan referencia ao mesmo.

7. DEREITOS E DEBERES DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

No marco do establecido pola lexislación básica de educación, os membros da comunidade educativa son titulares dos dereitos e deberes de convivencia e participación que se regulan neste título.

7.1. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores legais.

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos/as, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipo directivo.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro.
- d) A ser oídos, nos termos previstos pola lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/as.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración Educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as, teñen os seguintes **deberes**:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro.
- b) Coñecer as normas establecidas polo centro, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos/as.

7.2. Dereitos e deberes do alumnado.

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun axeitado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

7.3. Dereitos e deberes do profesorado.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un axeitado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son **deberes** do profesorado:

a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixiendo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

7.4. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

1. Ao persoal de administración e de servizos , dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

2. Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

8. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA (art 6 D8/2015)

A comisión de convivencia velará polo cumprimento do plan de convivencia do centro e todo o relativo á convivencia no noso centro.

Está formada por:

- Presidenta: Beatriz García Rodríguez (directora)
- Julio C. Rodríguez Mosquera (xefe de estudos)
- Flora Calviño Martínez (mestra)
- Iván Aguiar Fernández (pai)
- Graciela Domínguez Lorenzo (PAS)

A comisión de convivencia manterá un mínimo de tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e todas as que se considere preciso con carácter extraordinario, será convocada polo presidente por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

8.1. FUNCÍONS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

- a. Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade, para que fagan achegas para a elaboración do mesmo, desenvolvemento e seguimento.
- b. Adoptar as medidas preventivas precisas para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do noso centro.
- c. Traballar para mellorar a convivencia no centro, fomentando accións que garantan a igualdade entre sexos, igualdade entre todos os membros da comunidade, resolución pacífica de conflitos,...
- d. Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como informar a este, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e. Proporlle ao director do centro, persoas que considera que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f. Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

9. A AULA DE CONVIVENCIA

A LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no artigo 19 sinala que os centros crearán aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Por outra parte, sinálase no artigo 18 que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un *carácter educativo e recuperador*, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente. Tamén, terase en conta a *idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais*.

A aula de convivencia inclusiva do CEIP Virxe de Covadonga nace coma unha alternativa á expulsión do centro para aqueles alumnos e alumnas sancionados con esta medida. Preténdese favorecer un proceso de reflexión, por parte de cada alumno o alumna que sexa atendido na mesma, acerca das circunstancias que motivaron a súa presenza nela.

O obxectivo prioritario será, pois, que as alumnas e alumnos comprendan o alcance para si mesmos e para os demais das súas condutas e, sobre todo, que aprendan a facerse cargo das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais. Este proceso aumenta as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol, á vez que lles proporciona un espazo para a análise das súas propias experiencias e a busca dunha resolución efectiva dos conflitos interpersoais.

En todo caso, a *derivación á aula de convivencia será a última medida*, logo do uso de outras estratexias de corrección e control (advertencia, chamada de atención, tempo fóra dentro da aula, aviso sobre a derivación á aula de convivencia...)

A continuación sinálanse as bases nas que se asenta a posta en funcionamento da nosas Aulas de Convivencia tendo en conta artigo 25 do Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011.

1. OBXECTIVOS

A aula de convivencia **non é un espazo de castigo**. É un servizo para mellorar a conduta, a actitude e a relación do alumno coa comunidade escolar. Os obxectivos concretos da aula serán os de conseguir que o alumnado que acode a ela:

- Reflexione sobre a conduta contraria ás normas de convivencia que motiva a súa presenza na aula de convivencia.
- Se responsabilice dos seus propios actos, pensamento, sentimentos e comunicación cos demais.
- Desenvolva actitudes cooperativas, solidarias e de respecto polos demais.
- Afiance a súa autoestima e autocontrol
- Mellore a súa disposición e o interese cara as tarefas escolares.
- Aprenda a resolver conflitos pacificamente.
- Mellore a súa vida académica e persoal. En definitiva preténdese mellorar o clima de convivencia da aula e do centro en todos os espazos escolares: aulas, corredores, patio...

As actividades que se desenvolvan co alumnado na aula de convivencia irán encamiñadas á consecución destes obxectivos.

2. CRITERIOS E CONDICIÓN PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO NA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA E ACTUACIÓNS QUE SE DESENVOLVERÁN NELA.

A Aula de Convivencia é un espazo educativo onde o alumnado poderá acudir exclusivamente cando se vexa privado do seu dereito a participar no normal desenrolo das actividades lectivas como consecuencia da imposición dunha corrección ou medida disciplinaria por algunha das condutas tipificadas no noso Plan de Convivencia.

É necesario, por tanto, que a alumna ou alumno recibira algunha corrección pola súa conduta, pero non é suficiente, xa que non todos os alumnos ou alumnas sancionados teñen que ser derivados a dita Aula.

Para derivar un alumno o alumna a Aula de Convivencia, debería considerarse outras condicións que deberían darse:

- Ser reincidente na súa actitude e conduta contra as normas de convivencia.
- Presentar deficiencias no seu autocontrol, relacións persoais, disposición cara as tarefas escolares ou integración escolar e/o social.
- A atención na Aula de Convivencia pode mellorar a súa actitude e sen esta atención non se garante que se manteña o seu proceso educativo.

Por outra parte sinalar como unha serie de premisas para ter en conta á hora de derivar a un alumno a dita aula:

- Só se atenderá **un alumno/a de cada vez**. Excepcionalmente dous.
- A duración desta medida extraordinaria será de:
 - Aula de Covadonga: 10 sesións durante unha semana (ver Horario no punto 6.1)
 - Aula de Eiroás: 14 sesións durante unha semana (ver Horario no punto 6.2)
- Número de veces que se lle pode aplicar esta medida cun alumno será de en **dúas ocasións ao longo do curso**, agás que a xefa de estudos, o titor/a e a orientadora consideren o contrario.
- A **xefatura de estudos** será a encargada de **decidir a derivación dun alumno** á Aula
- Para que se tome esta medida será necesario (pero no suficiente) que se tivesen tomado **3 amonestacións por escrito** e que se deixe constancia escrita delas, así como das medidas correctoras aplicadas.

3. PROCEDEMENTO DE DERIVACIÓN

Cando a un alumno ou alumna lle sexa imposta unha das correccións ou medidas disciplinarias que lle impida participar no normal desenvolvemento das actividades lectivas, a **xefatura de estudos** verificará si se cumpren as condicións para a aplicación de esta medida. De ser así, decidirá a resolución a adoptar. É conveniente aclarar que a derivación a Aula de *Convivencia non substitúe a corrección imposta anteriormente*.

A continuación, danse unhas orientacións sobre os pasos a seguir si se decide a derivación da alumna ou alumno a Aula de Convivencia:

1. A **xefatura de estudos** convocará unha reunión *coa orientadora e o titor/a do alumno*. Analizaranse as condutas, as medidas previas que se tomaron e as posibilidades que existen. Deixaranse por escrito as conclusións (*Ficha de envío á aula de convivencia inclusiva*)
2. A **xefatura de estudos** comunicarlle ao profesorado do grupo as sesións nas que o alumno/a permanecerá na aula de convivencia para que eles lle faciliten material de traballo no prazo máximo de dous días.
3. A xefatura de estudos trasladarlle dito material á **orientadora** que será a encargada de establecer un Plan de traballo adaptado ás necesidades do alumno para todas as sesións: horas de traballo sobre habilidades sociais, reflexións sobre as condutas que motivaron a derivación á aula de convivencia (*Ficha de auto-observación e compromiso I e II*) e traballo das diferentes materias. Dito plan de traballo permanecerá na aula de convivencia na carpeta do alumno/a para que cada un dos profesores responsables da mesma saiban o que deben facer nas súas sesións de atención á mesma.

4. A **xefatura de estudos** comunicarlle ao alumno/a a decisión. Acto seguido, tal decisión seralle comunicada á familia. A comunicación á familia será realizada por escrito e en entrevista persoal, se é posible, indicando o motivo, obxectivos, número de días/horas, así como o Plan de traballo que se levará a cabo co alumno/a. A familia asinará dita comunicación.

Deben entender que o feito de que o alumno vaia á aula implica que eles adquiren o compromiso de colaborar e acudir ás sesións que se considere oportunas. Rexistro escrito (*Ficha de compromiso da familia*)

5. A **xefatura de estudos e/ou a Orientadora** informará ao profesorado de atención á aula de convivencia correspondente dos días de inicio e fin da estancia do alumno/a na aula. O profesorado acudirá á aula na hora que lle corresponda. Consultará na carpeta do alumno/a as actividades a realizar e instará ao alumno a realízalas. Ao remate da hora, fará constar na folla de seguimento as actividades realizadas e a actitude do alumno (*Rexistro de control de asistencia do alumnado*)
6. Ao rematar o tempo que o alumno tiña que pasar na aula, reuniranse o **titor, a orientadora e a xefatura de estudos** para analizar o desenvolvemento da medida. (*Ficha de seguimento do alumnado da aula inclusiva*)
7. A **xefatura de estudos** encargárase posteriormente de comunicar dito seguimento da evolución do alumno ou alumna á familia e ás persoas responsables da Aula de Convivencia.

Toda a información relativa ao paso do alumnado pola aula de convivencia quedará arquivada na **Carpeta da correspondente aula de convivencia** para trasladar dita información á comisión de convivencia nas súas reunións trimestrais.

4. PROPOSTA DE FUNCIONAMENTO. PROFESORADO QUE ATENDERÁ EDUCATIVAMENTE A AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

A nivel de organización, teremos dúas aulas de convivencia, unha en cada un dos nosos edificios polo que o profesorado será diferente en cada unha das mesmas.

A estrutura organizativa do noso centro non permite, polo momento, cubrir a totalidade do horario lectivo.

En relación ao funcionamento, tal e como xa se explicou no punto anterior:

- A **Xefa de estudos xunto coa Orientadora** serán as persoas responsables da coordinación de todas as actuacións realizadas polas persoas responsables da aula, así como de reunir toda a información para a comunicación ao Departamento de Orientación e ao titor/a. Igualmente, encargárase de recoller os materiais que cada alumno/a deba traballar durante a estancia na Aula.
- A Xefatura de Estudos poderá asignar ó profesorado de garda tarefas de atención e control da Aula cando las circunstancias o requiran, por exemplo, por ausencia das persoas responsables.
- A **orientadora** distribuirá o traballo para que cada un dos profesores responsables da aula o leve a cabo nas súas horas de garda.
 - As persoas responsables da Aula realizarán os controles de asistencia do alumnado derivado á mesma, traballarán cos alumnos e alumnas facilitándolles o material e anotando a evolución do alumnado así como o seu comportamento y actitude. De todo elo dará conta a persoa responsable a través da carpeta do alumno/a que permanecerá sempre na aula de convivencia e que será supervisado pola **Xefa de Estudos e/ou Orientadora**.

5. PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO CENTRO ENCAMIÑADAS A FAVORECER UN PROCESO DE REFLEXIÓN POR PARTE DO ALUMNADO ATENDIDO NA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

Dende o Departamento de Orientación, tal e como se sinalou anteriormente elaborárase un Plan de traballo para cada unha das sesións de permanencia do alumnado na aula de convivencia. Dito Plan de traballo estará adaptado ás necesidades do alumno/a incluíndo:

- Actividades de reflexión e resolución de conflitos.
- Programas de habilidades sociais.
- Traballo relacionado coas materias que se están a traballar no grupo-clase. Hai que sinalar que si dito traballo non se remata nas diferentes sesións, o alumno/a levarao para realizalo na casa. Diso deixará constancia o profesorado de atención á aula.

Por outra parte, a orientadora tamén formará parte do profesorado de atención ás aulas de convivencia.

6. HORARIO. LOCALIZACIÓN, INSTALACIÓNS E MATERIAL DIDÁCTICO CON QUE CONTA A AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA PARA O SEU FUNCIONAMENTO

Contaremos con dúas aulas, unha en cada un dos nosos edificios.

6.1. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA DO EDIFICIO DE COVADONGA

- Ubicación: Aula Proa (2º Planta)
- Horario:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.30-10.20	Mariví	Marcos			Mariví
10.20-11.10	Natalia	Celsa	Julio	Mábel	
11.10-12.00	Vanessa		Begoña Ll.		Leticia
12.00-12.30	RECREO				
12.30-13.40	Modesto	Odilo	Beatriz	Vanessa	Julio
13.40-14.30	Beatriz				

- Material didáctico:
 - Material de educación en valores.
 - Programas de habilidades sociais.

6.2. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA DO EDIFICIO DE EIROÁS

- Ubicación: Departamento de Orientación
- Horario:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.30-10.20	Begoña Ll.	Mercedes F.			
10.20-11.10	Loli C.		Begoña F.	Flora	Julio
11.10-12.00	Silvia	Luisa	Mercedes L.	Vanessa	Cristina
12.00-12.30	RECREO				
12.30-13.40	Mar	Begoña R.	Lorena	Geni	Mábel
13.40-14.30		Beatriz			

- Material didáctico:
 - Material de educación en valores.
 - Programas de habilidades sociais.

10.CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

- a) As agresións físicas ou psíquicas, injurias ou ofensas graves, ameazas,... contra calquera membro da comunidade educativa.
- b) Actos de discriminación grave contra calquera membro da comunidade educativa por calquera razón que sexa.
- c) Actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado, persoal administrativo ou de servizos.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito do honor, dignidade, intimidade de calquera membro da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar (Considerase acoso escolar calquera forma de vexación ou maltrato continuados no tempo dun alumno/a por outro/a, de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o vacío social e o illamento. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan a causa nunha relación que xurda no ámbito educativo).
- f) A implantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou sustracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de maneira intencionada ou por descoido grave ás instalacións e aos materiais do centro ou aos ben doutros membros da comunidade educativa; así como a sustracción.
- h) Actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario ou extraescolar.

- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro e a incitación a elas.
- j) Levar encima calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa, así como a resistencia ou negativa a entregar estes materiais cando sexan requeridos polo profesorado.
- k) A reiteración, durante un curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O non cumprimento das sancións impostas.

10.1.MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

- a) Realización dentro do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e o desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro. (Segundo o Artigo 40 do Decreto 8/2015 de Convivencia) .

* Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras e) ou f).

10.1.1. Aplicación das medidas correctoras

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións que considere oportunas, segundo as enumeradas anteriormente.
2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

10.1.2. Aspectos formais dos procedementos correctores

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito.
2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:
 - a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
 - b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
 - c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
 - d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento e os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.
 - e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciaren a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
 - f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.
3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.
4. As citacións ás alumnas ou aos alumnos ou, tamén ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.
5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.
6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nestes procedementos son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.
7. A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno nun prazo máximo de **doce días lectivos** desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

10.1.3. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

- a. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: **conciliado ou común**.

- b. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
- c. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
- d. A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.
- e. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

10.1.4. Determinación do procedemento corrector

1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.
2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as **medidas correctoras provisionais que considere convenientes**. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.
4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

10.1.5. Inicio do procedemento de corrección

1. No prazo de **tres días lectivos**, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno e ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos esixidos para iso daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

2. Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.

4. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar.

No noso centro farase sorteo público entre todo o profesorado do centro, excepto equipo directivo e orientadora, tendo en conta que cada profesor só fará de instrutor unha soa vez durante o curso escolar.

5. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

- a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
- b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
- c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras.
- d) Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

6. A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no artigo 37, números 3 e 7, do Decreto 8/2015 e comunicárselle á Inspección Educativa.

10.1.6. Procedemento conciliado

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

- a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

- a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

b) Cando a persoa agraviada ou as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto no decreto 8/2015.

Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno ou as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instructor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no presente regulamento. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.

Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora, que será un membro do equipo directivo ou a orientadora.

2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- a) Contribuír ao proceso de conciliación.
- b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

10.1.7. Procedemento común

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector.

Desenvolvemento do procedemento común

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora. Será elixida mediante sorteo público entre todo o profesorado do centro (excepto equipo directivo e orientación); cada docente só poderá tramitar un procedemento instrutor en cada curso académico.

2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirse acta.

Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas

1. Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

- a) Feitos probados.
- b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
- c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.
- d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

2. A dirección do centro notificaralle por escrito, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.
3. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos.
4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.
5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

Compromisos educativos para a convivencia

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.
2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.
3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

Prescrición de condutas e de correccións

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.
3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.
4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

11. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS A CONVIVENCIA

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos, os actos inxustificadas e as actuacións prexudiciais descritas no artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa potencialmente perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase (2 días) e as faltas reiteradas de puntualidade (computadas en horas ata que completen dous días).
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nestas normas de convivencia, así como o incumprimento das normas de convivencia redactadas neste Plan.

11.1. Medidas correctoras

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos..
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

11.2. Responsables da aplicación das medidas correctoras

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c).
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d).
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f).
- d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h). A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

12. SOLICITUDE DE REVISIÓN E EXECUCIÓN DE MEDIDAS

1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) ou as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.
2. A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

13. O COMEDOR ESCOLAR.

Do persoal de vixilancia:

1. A Dirección proporá ao Consello Escolar as persoas encargadas da vixilancia do comedor, entre as familias, profesorado ou persoal de Administración e Servizos.
2. O persoal de vixilancia do comedor farao con bata e luvas.
3. É misión do persoal colaborador de comedor escolar a vixilancia e custodia de todo o alumnado que utilice este servizo, tanto no patio como nos salóns de comedor.
4. Prestarase especial atención a non permitir a presenza de alumnado nos corredores nin noutras dependencias do edificio escolar, agás as derivadas de actividades extraescolares ou outras debidamente controladas por profesorado ou persoal debidamente encargado.
5. No caso de que se desenvolvan calquera tipo de actividades complementarias, e segundo o número delas, haberá responsables destas actividades no número requirido en cada caso, que terán como misión será a vixilancia para que se cumpran os obxectivos de ditas actividades, así como o apoio nas cuestións de orde e disciplina no desenvolvemento das mesmas.
6. O persoal de vixilancia no comedor, procurará que todo o alumnado dispoña da ración correspondente, podendo repetir na medida en que o estimen adecuada e a dispoñibilidade de comida o permita, procurando un trato igualitario e non discriminatorio entre tódolos usuarios. Prestarase especial vixilancia ós alumnos máis pequenos, advertindo á Dirección aqueles casos que deban ser comunicados ás familias; así como a observación e vixilancia de posibles casos de anorexia.

Do alumnado usuario do comedor.

1. O alumnado usuario do servizo de comedor farao en número e coa forma de pago determinada pola Consellería de Educación.
2. O pago do servizo de comedor farase a través do banco co impreso oficial que se lle facilitará na primeira semana do mes seguinte.
3. O impago do servizo do comedor, así como o non facer uso correcto do mesmo poderá ter como consecuencia a perda do dereito ao uso do mesmo por un tempo determinado ou definitivamente segundo a gravidade dos feitos.

Das normas de comportamento e de convivencia no comedor.

1. Todo o alumnado deberá asumir as normas de comportamento e de convivencia descritas con carácter xeral, noutros apartados deste Plan de Convivencia.
2. Deberase ter especial coidado coa hixiene e limpeza das instalacións e útiles de comedor.
3. O alumnado será responsable dos desperfectos orixinados nos útiles de comedor, agás os derivados de accións fortuítas ou accidentais, debendo facer fronte ó pago ou restitución do material derramado. Así mesmo, tirar comida ou útiles ao chan será motivo para quedar ao final da quenda a facer tarefas de limpeza do comedor.
4. O alumnado deberá amosar o debido respecto e consideración ao persoal encargado e colaborador do comedor, independente da súa condición de profesorado ou membro da comunidade educativa.
5. As faltas cometidas no comedor e no tempo de lecer do mesmo, terán o mesmo tratamento que as cometidas en calquera outra situación descrita neste Plan de Convivencia. O incumprimento das normas de convivencia no comedor ou no tempo de lecer do comedor, poderá ter como consecuencia a perda do dereito ao uso do mesmo durante o tempo que se estime en función da gravidade ou reiteración dos feitos.
6. A comida será a mesma para todo o alumnado, non facendo distincións en canto ás preferencias por determinados tipos de comidas entre o alumnado. De haber calquera motivo que xustifique a elaboración de pratos especiais, deberá ser acreditada dita situación co correspondente xustificante médico. Dita situación, unha vez coñecida polo encargado/a de comedor, será transmitida ao persoal de cociña, que deberá velar para que poida facerse, nas situacións indicadas un prato alternativo. Calquera outra situación deberá ser transmitida pola familia ao colexio, que determinará en función da información recibida. En ningún caso se atenderá a simple xustificación efectuada de viva voz por parte do alumnado.

Organización interna do comedor:

- a. O alumnado accederá e sairá do comedor pola porta que da acceso ao patio cuberto.
- b. O alumnado distribuirase en mesas según as necesidades de cada momento e á criterio da persoa encargada, que poderá variar dita distribución cando o considere oportuno, co obxectivo de favorecer a convivencia .
- c. O persoal colaborador de atención no comedor, ademais de velar polo bo funcionamento do sistema, atenderá:
 1. Que o alumnado máis novo (infantil e primeiro ciclo) coma axeitadamente.
 2. Que non haxa condutas abusivas entre o alumnado.

3. Que non haxa alumnado que de xeito reiterado non coma (levará conta dos que deixen o prato sen comer e se avisará a casa).

Despois do xantar:

- a. Cada alumno deixará a súa cadeira enriba da mesa e sairá do comedor ordenadamente seguindo as instrucións do persoal colaborador.

De todos os xeitos, haberá que ter en conta as seguintes:

NORMAS DO COMEDOR ESCOLAR

O momento do comedor proporciona un horario moi aproveitable para crear hábitos de hixiene e saúde, así como, para traballar outros valores, entre eles, a solidariedade, a cooperación e a tolerancia. Por todo isto é necesario fixar unhas actitudes e normas ante a propia persoa e en relación coas demais.

OBXECTIVOS

O Comedor Escolar é un servizo educativo complementario que debe fomentar os seguintes obxectivos:

1. obxectivo xeral.

Procurar que o comedor sexa un elemento educativo máis, dentro do proceso de formación integral do alumnado.

2. obxectivos específicos:

2.1. Educación para a Saúde:

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta Educación para a Saúde.
- Pór en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas en clase.
- Inicialse en gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos.
- Manter posturas correctas na mesa.
- Desenvolver hábitos no uso adecuado dos utensilios relacionados coa comida.
- Adquirir e pór en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
- Interesar ás familias nos beneficios que poidan obterse dunha colaboración conxunta cos Responsables do Comedor, tanto no referido a saúde do alumno como á súa educación nutricional.
- Concienciar á familia nos patróns de conduta adquiridos no comedor do Centro Educativo e a importancia de continuar cos mesmos no seu fogar.

2.2. Educación para a Convivencia:

- Adquirir e pór en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.

- Espertar no alumnado o espírito de cooperación, implicándoos, segundo as súas posibilidades, en tarefas de servizo de Comedor: pór e retirar o servizo, axuda aos máis pequenos ...
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara a todos os membros da Comunidade Escolar.
- Lograr un comportamento correcto na mesa.
- Lograr un ambiente sen moito ruído, evitando berros e dialogando de forma distendida.
- Coidar e respectar os locais, mobiliarios e utensilios de uso comunitario.

NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

1. O Comedor Escolar comezará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño.
2. Todo o alumnado (incluído o de Ed. Infantil) deberá saber comer por si mesmo, facer uso dos servizos e lavarse as mans.
3. Todo aquel alumnado que precise Servizo de Comedor ten que solicitalo mediante o impreso que se lles facilitará en Secretaría.
4. Para darse de baixa voluntaria do Servizo de Comedor será necesario facelo por escrito na Secretaría do Centro, cunha semana de antelación.
5. O horario do Comedor será de 14.30 a 15.45 horas. Por seguridade do alumnado as portas do Centro permanecerán pechadas durante estes horarios.
6. Todos o alumnado deberá ser recollido polos seus pais/nais ou titores ás 15:45 horas.
7. O alumnado non poderán saír do recinto escolar durante o período de Comedor. Se os seus pais veñen recollelos antes, será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral establecido no Centro: notificación previa por escrito, presentarse persoalmente e firma do documento existente respecto diso.
8. Se algún alumno/a fixo de Comedor non se vai a quedar ao mesmo un día determinado deberá notificalo en Secretaría.
9. O alumnado que non asista ás clases non poderán facer uso do Servizo de Comedor.
10. Os pais teñen a obrigaçión de avisar ao Centro se o seu fillo/a non pode tomar algún tipo de alimento.
9. Non se poderá elaborar ningún tipo de menú especial, salvo que sexa por enfermidade de tipo crónico e co correspondente xustificante médico.
10. En ningún caso se administraran medicamentos aos nenos-as que asisten ao Comedor. Igualmente, nunca deben entregar medicamentos aos nenos-as. En caso necesario, arbitrase o xeito de que os pais/nais ou titores do alumnado poidan acceder ao Centro para administrarlle os medicamentos. Para iso deberán porse en contacto coa Dirección.
11. A comezo de cada mes o alumnado recibirá fotocopia do menú correspondente ao mesmo.

NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR

1. Nas diferentes titorías, os titores e titoras, como parte da acción tutorial, exporán o que se espera dos nenos/as no comedor escolar, dándolle normas claras do que é conduta aceptable e o que non o é (ton de voz, forma de pedir as cousas, forma de dirixirse ao persoal de comedor, comportamento cos demais compañeiros/as, etc.)
2. Ao comezo do curso asignarase a cada alumno/a un posto no Comedor. Ningún alumno/a poderá cambiar o seu posto sen causa xustificada e sen ser previamente notificado e autorizado polo persoal de comedor.
3. Antes de entrar ao comedor deberán lavarse as mans.
4. As entradas e saídas do comedor faranse con orde e tranquilidade, sen correr, sen empuxar aos compañeiros nin gritar.
5. Unha vez dentro do Comedor, cada alumno/a dirixirase á súa mesa e agardará sentado a que se lle sirva a comida. Ninguén debe de levantarse ata que se rematou de comer.
6. No caso de que se considere oportuno, por razóns estritamente educativas, os alumnos colaborarán, na medida das súas posibilidades, co Servizo do Comedor.
7. Deberán permanecer correctamente sentados en todo momento, sen xogar nin balancearse nas cadeiras, nin moverse do seu sitio. Non poderán levantarse. Para chamar ás Coidadoras, deberán facelo levantando a man ata ser atendidos.
8. É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que nunca se dirixirán aos demais gritando, senón falando nun ton de voz adecuado. Non está permitido falar con alumnos doutras mesas.
9. O trato cos compañeiros e cara ao persoal do comedor (colaboradoras, cociñeiras,...) será de respecto mutuo, dirixíndose a todo o mundo con educación e nunca de forma esixente ou desconsiderada.
10. Débese coidar e conservar o material e instalacións e procurar en todo momento manter o comedor limpo, evitando o tirar ao chan anacos de pan, comida, servilletas de papel, etc.
11. Cando se acabe de comer, esperarán en silencio que se lles indique o momento da saída, o cal farase nos mesmos termos que á entrada..
12. O alumnado deberá adaptarse ao menú establecido, comendo a cantidade que se lles sirva (segundo as circunstancias, complexión ...)
13. No caso de usuarios de Comedor que non cumpran algunha destas normas, adoptaranse as medidas pertinentes, que poderán chegar á expulsión temporal ou permanente deses alumnos/as do Comedor Escolar.

Levarase, por parte do persoal de comedor, un PARTE DE INCIDENCIAS diario, tanto do que ocorra no comedor como do que ocorra nos períodos en que os nenos/as están ao seu cargo. Darase coñecemento das posibles incidencias á Dirección do mesmo.

FALTAS E SANCIÓN

1. Faltas leves

a) Considéranse faltas leves:

- Desobedecer levemente as indicacións do Persoal de Cociña e Comedor.

- Non lavarse as mans.
- Entrar ou saír do Comedor desordenadamente.
- Levantarse do sitio sen causa xustificada.
- Cambiarse de sitio.
- Non comer con corrección ou non facer uso adecuado dos utensilios (cubertos, servilletas ...)
- Permanecer mal sentados ou columpiarse na cadeira.
- Facer ruído, gritar ou falar con alumnos doutras mesas.
- Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

- Amoestación verbal ao alumno. En caso de reiteración, comunicación por escrito aos pais.
- Separación temporal ou permanente do grupo de referencia (ou da súa mesa de comedor) e integración noutro.
- Comer illado dos compañeiros.
- Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.
- Expulsión temporal do Comedor (ata 3 días).

2. Faltas graves

a) Considéranse faltas graves:

- Acumulación de faltas leves.
- Desobedecer gravemente as indicacións do Persoal de Cociña e Comedor.
- Saír do Comedor ou do recinto sen permiso das Coidadoras.
- Deteriorar á propósito ou por mal uso o material propio de Comedor.
- Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros compañeiros.
- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

- Calquera das contempladas para as faltas leves.
- Ademais:
 - Realización de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

- Expulsión temporal do comedor (entre 4 días un mes).
- Expulsión definitiva do Comedor.

OBSERVACIÓNS

O procedemento para a imposición de medidas correctoras e a súa graduación rexerá polo recollido na **LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa** e o **DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**

13.AVALIACIÓN DO PLAN

Para comprobar se o plan está funcionando correctamente e facer posibles cambios no mesmo, observaremos o seguinte:

1. Se o plan é considerado por toda a comunidade como propio (pais , profesores , persoal non docente , alumnado) e si o comparten traballando para a súa posta en práctica.
2. Se todo o profesorado consegue traballar en equipo implicándose en proxectos que afecten a convivencia.
3. Se incide sobre a práctica educativa provocando cambios e mellorando o clima do centro e das aulas.
4. O tratamento do conflito : formación da comunidade escolar para introducir a mediación como forma de resolver conflitos.
5. Se nas aulas hai normas consensuadas e se respetan e se están escritas e a vista de todos.
6. Preocupación polas metodoloxías empregadas: diversas.
7. Introducción de actividades diversas según os xeitos de aprendizaxes e diferentes capacidades: tratamento da diversidade
8. Tense en conta as situacións de desigualdades nas programacións de aula.
9. Os métodos que se empregan para avaliar os alumnado :
 - Atenden a diversidade
 - Son variados e axudan a aprender
 - Útiles para introducir correccións
 - Seguen criterios para acadar as competencias básicas do alumnado ao remate da educación primaria
10. Todos os sectores (alumnado, familia, profesorado, persoal do centro...) establecen vías de comunicación e participación na organización do centro.

Realizarase anualmente a revisión do plan a comezos do curso escolar.

14.INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Cuestionarios,
- Rexistros de comportamento
- Observación directa
- Redución do nº de faltas de orde
- ...

15.DIFUSIÓN DO PLAN

O plan de convivencia estará a disposición de toda a comunidade educativa, para que poidan consultalo en calquera momento, custodiado na secretaría do centro.